

REDE DE PARQUES
NATURAIS DE
GALICIA

MONTE ALOIA

ruta 1
Cabana - Cabaciña



Inicio/Fin: Aparcadoiro das Pozas da Cabana

O percorrido iniciase cun ascenso ao miradoiro natural de Cabaciña e desde ali, continúa por unha senda con variada vexetación que acompaña o nacemento do regato das Udencias ata as Pozas da Cabana, onde remata a ruta. Facendo esta ruta, tamén pasamos pola Senda das Udencias.



ruta 2
Muíños de Paredes - Muíños do Deique



Inicio/Fin: Área recreativa da ermida de San Fins

Este itinerario de ida e volta discorre polos muíños do regato Deique, un afluente do Louro que nace no Monte Aloia. Aínda que de dificultade media, o desnivel é importante polo que hai que ter en conta a subida no camiño de volta. O acceso a esta ruta sae dende preto da Ermida de San Fins.



ruta 3
Rego de Pedra



Inicio/Fin: Aparcamento detrás do Centro de Interpretación

O Rego de Pedra que dá nome a esta ruta foi construído entre 1955 e 1958 coa finalidade de transportar auga aos campos de cultivo de Frinxo. Despois de pasar polo Alto de Perdurán, formación rochosa desde a que se contempla unha ampla panorámica, báixase ao inicio do mencionado rego para percorrelo na súa totalidade e, unha vez chegados á poza onde remata, volver ascendendo por outro lugar ata a Senda Botánica, lugar onde comeza e finaliza o itinerario.



ruta 4
Castro Alto dos Cubos




Inicio/Fin: Frinxo

A ruta, de grande interese arqueolóxico, lévanos ao Alto dos Cubos ou miradoiro Cabeza de Francos, que toma o seu nome do barrio situado aos pés. Este punto ofrece unhas boas vistas sobre o río Miño. De percorrido circular, desde este alto báixase ata a pista de Trapa. Logo da poza de Trapa, a ruta sobe ata Frinxo de novo, cruzando por unha zona de frondosas.



ruta 5
Muíños do Tripes



Inicio/Fin: Área Recreativa Circos (Pazos de Reis)

O río Tripes é un afluente do Miño que nace no Monte Aloia e fai de división natural das parroquias tudenses de Pazos de Reis e Randúfe. A ruta ascende polas marxes do río salpicadas de muíños e atravesando bosques de ribeira de variada vexetación. O tramo de descenso, xa polo monte, conduce ao punto de inicio.



ruta 6
Senda das Udencias



Inicio: Pozas de Cabana

Esta pequena senda descúbrenos as especies exóticas que se corresponden coa primeira repoboación do Parque, que data do 1910. As máis destacadas son o ciprés de Lawson (*Chamaecyparis lawsoniana*), exemplares grandes de abeto de Douglas (*Pseudotsuga*), secuioas e cedros.



ruta 7
Senda Botánica




Inicio: Centro de Interpretación da Natureza Casa Forestal Enxeñeiro Areses

Esta ruta transcorre polo arboreto ilustrado do Parque Natural, identificando as especies de maior importancia na comarca do Baixo Miño e do Monte Aloia. O visitante poderá deterse para coñecer toda a información sobre a vexetación autóctona e alóctona.



ruta 8
A Muralla



Inicio/Fin: Alto de San Xiao

Esta ruta circular percorre toda a zona alta do Monte Aloia e discorre ao carón da Muralla Ciclópea. Destacan as vistas panorámicas que ofrece o camiño e unha vexetación completa, tanto autóctona como exótica. Aquí está situado o miradoiro coñecido como Celta.



ruta 9
Ruta da Oliva



Inicio: Mirador da Oliva


Esta ruta de recente creación aproveita antigos camiños abandonados e une o aparcadoiro do Rego da Pedra, cerca do Centro de interpretación co Alto de San Xiao, xustamente no mirador da Oliva.



A ter en conta:

URXENCIAS	SEPRONA	INCENDIOS
112	062	085

1. Deixa o vehículo nos aparcadoiros habilitados.
2. Usa o vehículo só nas estradas/camiños habilitados e modera a velocidade cando circules polo interior do Parque.
3. Arrincar flores e plantas está prohibido, ademais de poñer en perigo especies singulares.
4. Non molestes á fauna, non fagas ruído.
5. Infórmate dos permisos necesarios para acceder ao Parque ou para facer calquera ruta.
6. Antes de facer unha ruta, comproba a dificultade e o tempo que debes investir.
7. Planifica con detalle a túa visita, sobre todo se vas en grupo, e equíparte convenientemente.
8. Organízanse visitas guiadas e interpretadas gratuítas; chama antes. Tel. 886 120 650
9. Leva o móbil sempre coa batería cargada.
10. Camiña polos sendeiros habilitados.
11. Respecta a sinalización.
12. Precaución coas enchentes dos cursos de auga.
13. Precaución ao pisar pedras e troncos cando están mollados xa que son moi escurradizos.
14. Non está permitida a acampada libre nin pasar a noite con caravanas.
15. Fai un uso responsable do lixo; se non hai colectores, lévao contigo ata que atopas un.
16. Non está permitido o baño fóra das zonas habilitadas.
17. Respecta as propiedades privadas.
18. Usa as áreas recreativas.
19. Prohibido prender lume.
20. Excepto casos concretos, está prohibida a caza e a pesca. Consulta a normativa de cada Parque Natural.
21. Avisa ao persoal do Parque ante calquera incidencia. (Tel. 886 120 650)
22. Centro de Interpretación da Natureza Casa Forestal Enxeñeiro Areses.
Frinxo, 37. 36715. Pazos de Reis (Tui) - Tel. 886 120 650 - parquealoia.medio-ambiente@xunta.es



PARQUE NATURAL MONTE ALOIA